

ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN MIXTA (SERVIZOS E SUBMINISTRO) DE “MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO PÚBLICO MUNICIPAL, INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS, INSTLACIÓNS ELÉCTRICAS PARAS FESTAS QUE SE REALICEN NO MUNICIPIO E MATERIAIS NECESARIOS PARA LEVAR A CABO DITO MANTEMENTO”

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión e ás dez horas do día 2 de xullo de 2016, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D^a M^a Manuela Fernández Louro, actuando como vogais, a secretaria-interventora do concello D^a Irene Suárez López, o arquitecto da Oficina de rehabilitación D. Antonio Martínez Domínguez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D^a María del Carmen Trillo Mouzo.

Ausencias xustificadas a do Alcalde da Corporación D. Manuel Insua Insua e a do Concelleiro D. José Antonio Louro Pais.

A Alcaldesa en Funcións do Concello de Corcubión mediante Resolución de Alcaldía nº 237/2016 de 4 de xullo de 2016, acordou aprobar a contratación de servizo de “mantemento do alumeado municipal, das instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais, das instalacións eléctricas para festas que se realicen no municipio e os materiais necesarios para levar a cabo o dito mantemento, cun orzamento total de licitación de 14.000 €/ano, impostos incluídos, de conformidade co prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, que tamén se aproba.

Publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante con data 8 de xullo de 2016, rematado o prazo de presentación de propostas, se presenta á licitación unha única empresa:

R.E. nº 1137 de 23/07/2016.- Jesús Ramón Quinstáns Romero, con enderezo en Vilar de Toba, nº 34, 15138 Cee (A Coruña) .

Comprobados os documentos aportados pola única empresa presentada á licitación a Mesa de Contratación, acorda admitila e que o técnico emita informe sobre a valoración da proposta e acto seguido, convocar a mesa de contratación para apertura da proposta económica, en acto público.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

A ALCALDESA EN FUNCIONS

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: M^a Manuela Fernández Louro

Asdo: María del Carmen Trillo Mouzo

VOGAIS:

Asdo. Antonio Martínez Domínguez

Asdo. Irene Suárez López